

22 TIC

EDICIÓN DO CERTAME DE

TEATRO INTERCENTROS

DE COMPOSTELA E COMARCA

Representación das obras de educación secundaria:
2, 8 e 9 de maio de 2017

Representación das obras de educación primaria:
15 de maio de 2017

TEATRO PRINCIPAL



DATA	HORA	CENTRO	OBRA	DURACIÓN	PÚBLICO
S E C U N D A R I A					
02.05.2017	11:00 h	I.E.S. EDUARDO PONDAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA; GRUPO: PROACTORS	<i>Odisea polo universo de Agustín</i>	80 MIN. APROX.	ESO
08.05.2017	11:00 h	I.E.S. PONTEPEDRIÑA	<i>"Re-Fuxe" Creación Colectiva</i>	30 MIN. APROX.	ESO E BACHARELATO
08.05.2017	17:00 h	I.E.S. ROSALÍA DE CASTRO; GRUPO: ROSALÍA 1	<i>Fin da viaxe</i>	60 MIN. APROX.	ESO
08.05.2017	20:00 h	I.E.S. ROSALÍA DE CASTRO; GRUPO: ROSALÍA 3	<i>Hamlet</i>	60 MIN. APROX.	BACHARELATO
09.05.2017	10:30 h	I.E.S. ARCEBISPO XELMÍREZ I; GRUPO: VAI NO DENTISTA	<i>En pé de guerra</i>	60 MIN. APROX.	ESO E BACHARELATO
09.05.2017	12:30 h	I.E.S. ANTÓN FRAGUAS. GRUPO: TANTOMETÉN	<i>Hypokrytas</i>	65 MIN. APROX.	TODOS OS PÚBLICOS
09.05.2017	18:00 h	CPPI DOS DICES DE ROIS; GRUPO: TEATRO DO PORVISO	<i>Rosalía (non) é tan triste</i>	100 MIN. APROX.	TODOS OS PÚBLICOS
P R I M A R I A					
15.05.2017	10:00 h	COLEXIO NOSA SEÑORA DOS REMEDIOS	<i>A Detective Lam-Bo-Na</i>	45 MIN. APROX.	TODOS OS PÚBLICOS
15.05.2017	11:00 h	COLEXIO SAN JORGE	<i>Freak Show</i>	30 MIN. APROX.	5º E 6º DE PRIMARIA
15.05.2017	12:00 h	CEIP DE PRÁCTICAS LÓPEZ FERREIRO	<i>O Timo do Xocas</i> Orixinal de Anxel Fole, adaptada polo EDLG	15 MIN. APROX.	TODOS OS PÚBLICOS
15.05.2017	12:30 h	CEEPR ASPANAES DUQUES DE LUGO	<i>O monstro das cores</i>	15 MIN. APROX.	INFANTIL E PRIMARIA



ORGANIZAN

Coordenadora de equipas de Normalización Lingüística.
Departamento de Educación e Cidadanía do Concello de Santiago.



VIXÉSIMO SEGUNDA EDICIÓN DO CERTAME DE TEATRO INTERCENTROS DE COMPOSTELA E COMARCA

SECUNDARIA

I.E.S. EDUARDO PONDAL DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA;
GRUPO PROACTORS

2 de maio ás 11:00 h

Odisea polo universo de Agustín

Texto elaborado a partir de fragmentos de obras de Agustín Fernández Paz. Partindo da súa obra memorialista *O rastro que deixamos*, acompañamos o percorrido creativo de Agustín Fernández Paz, a través de algunhas das súas obras máis representativas, das que adaptamos para a escena fragmentos dialogados: *Contos por palabras*, *Amor dos 15 anos*, *Marilyn* e *Rapazas*.

80 MIN. APROX.
ESO

I.E.S. PONTEPEDRIÑA

8 de maio ás 11:00 h

"Re-Fuxe" Creación Colectiva

Fuxida, viaxe e chegada dun grupo de refuxiados que buscan axuda noutro país nunha dramática viaxe por mar.

30 MIN. APROX.
ESO E BACHARELATO

I.E.S. ROSALÍA DE CASTRO;
GRUPO: ROSALÍA 1

8 de maio ás 17:00 h

Fin da viaxe

Tres camiños que se cruzan. Tres almas solitarias. Tres vidas tan diferentes e unha meta común. Calquera de nós pode ser o protagonista de calquera historia, só hai que poñerse no lugar do outro. Fin da viaxe fainos reflexionar sobre a forza que pode exercer a ilusión sobre nós cando o destino nos ten atrapados.

60 MIN. APROX.
ESO

I.E.S. ROSALÍA DE CASTRO;
GRUPO: ROSALÍA 3

8 de maio ás 20:00 h

Hamlet

O príncipe de Dinamarca recibe a visita de seu pai, recentemente finado. A alma do rei aparece para informar a Hamlet de que a súa morte non foi accidental, senón que foi asasinado polo seu propio irmán, que agora reina no seu trono e comparte cama coa súa raíña. Hamlet deberá vingarse esta traizón.

60 MIN. APROX.
BACHARELATO

I.E.S. ARCEBISPO XELMÍREZ I;
GRUPO: VAI NO DENTISTA

9 de maio ás 10:30 h

En pé de guerra

En pé de guerra é unha adaptación da obra de Tomás Afán "Pim, pam, clown", coa que Vai no dentista pretende amosar, a través da inxenuidade e curiosidade de nenos xogando á guerra, unha visión surrealista e algo esperpéntica dun conflito bélico. Presentamos unha sucesión de personaxes paradoxais, tecendo en escenas ilóxicas unha bandeira baixo a que non se senten identificados, a que reflicte a absurda realidade de calquera conflito armado.

60 MIN. APROX.
ESO E BACHARELATO

I.E.S. ANTÓN FRAGUAS.
GRUPO: TANTOMETÉN

9 de maio ás 12:30 h

Hypokrytas

O ser humano é hipócrita por natureza. Ademais, compórtase con falsidade, mente para conseguir os seus obxectivos, mantén unha dobre moral ante aquilo que o supera ou perturba... En *Hypokrytas* facemos unha pequena viaxe arredor destes conceptos para, en clave de comedia, amosar estes e outros comportamentos que nos unen como especie, sobre todo para mal. Porque ao final do día, todos somos pequenos monstros en potencia, por moi ben que nos mintamos a nós mesmos tratando de desbotar esas ideas das nosas cabezas cheas de pelo.

65 MIN. APROX.
TODOS OS PÚBLICOS

CPPI DOS DICES DE ROIS;
GRUPO: TEATRO DO PORVISO

9 de maio ás 18:00 h

Rosalía (non) é tan triste

Unha compañía de teatro embárcase na creación dun musical sobre a figura de Rosalía de Castro, xurdindo moitas dúbidas acerca da idoneidade do proxecto. Unha historia de amor poético e do outro...

100 MIN. APROX.
TODOS OS PÚBLICOS

PRIMARIA

COLEXIO NOSA SEÑORA
DOS REMEDIOS

15 de maio ás 10:00 h

A Detective Lam-Bo-Na

Todo parece indicar que no Pazo dos Ramallal se produciu un asasinato. Por mor disto, a familia decide chamar á famosa Detective Lam-Bo-Na. O problema é que bandas de ladroas chegan a casa facéndose pasar por esta detective. O que provocará un enredo na casa moi divertido. Como rematará todo? As ladroas saíranse coa súa? Será a detective Lam-Bo-Na capaz de conseguir amañoalo todo...?

45 MIN. APROX.
TODOS OS PÚBLICOS

COLEXIO SAN JORGE

15 de maio ás 11:00 h

Freak Show

Un mestre de cerimonias despide ao público lembrándolles as distintas e peculiares persoas que acaba de coñecer: a muller barbuda, o home tartaruga, a muller araña, as siamesas... Pero que ocorre cando estes personaxes non teñen un público que as observe? Aínda temos uns minutos para mirar polo buraco do pano baixado e observar atentamente antes de que comece o seguinte pase do Freak Show!

30 MIN. APROX.
5º E 6º DE PRIMARIA

CEIP DE PRÁCTICAS
LÓPEZ FERREIRO

15 de maio ás 12:00 h

O Timo do Xocas

Original de Anxel Fole, adaptada polo EDLG. Cando o Xocas vai ao velorio do seu compadre, Crisanto de Aspai, é atracado, estafando el aos seus 2 atracadores.

15 MIN. APROX.
TODOS OS PÚBLICOS

CEEPR ASPANAES DUQUES
DE LUGO

15 de maio ás 12:30 h

O monstro das cores

Adaptación do conto "O monstro das cores" (Annallenas). O monstro de cores non sabe o que lle ocorre. Está feito unha lea coas emocións e tócalle desfacer a lea. ¿Será quen de poñelas en orde?

15 MIN. APROX.
INFANTIL E PRIMARIA